

# COMO BUSCAR NA BIBLIOTECA

## GUÍA PARA O ALUMNADO

Cada un dos materiais catalogados (libros, películas, revistas...) leva unha etiqueta con estas tres signaturas:

En primeiro lugar, un **NÚMERO**, que nos di de que materia se trata. Con el podemos localizar o material na biblioteca mirando o plano e a rotulación.

E, na terceira liña, **TRES LETRAS MINÚSCULAS** que son as primeiras do título. Así que xa estás preparado para comezar a busca.



En segundo lugar, **TRES LETRAS MAIÚSCULAS**: son as tres primeiras letras do apelido do autor, polas que te debes guiar para buscar o libro unha vez localizada a sección. Por isto é importante que saibas quen é o escritor, o músico ou o director da película que buscas: non chega co título.

Todos os libros están en MEIGA, que podes consultar na rede: Aquí

Aquí

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=OED004>  
ou tecleando no navegador "PROXECTO MEIGA" e seleccionando a biblioteca do IES CELANOVA.

# CDU

As siglas CDU significan “Clasificación Decimal Universal”, que é o método que todas as bibliotecas utilizan para organizar os seus fondos. Dividimos os libros en dez grandes materias, que á súa vez se dividen en dez apartados; estes, noutros dez, y así sucesivamente. É A PRIMEIRA CIFRA QUE VES NA ETIQUETA DUN LIBRO.

**0**

**XENERALIDADES.** Aquí están, entre outros, os dicionarios enciclopédicos, as enciclopedias e as obras de consulta, que hoxe están no museo do segundo andar. Na sala queda o **COMIC, 087.**

**1**

**FILOSOFÍA,** con todas as súas ramas: psicoloxía, ética....

**2**

**RELIXIÓNS** (cristianismo, xudaísmo, islam...) e **MITOLOXÍAS.**

**3**

**CIENCIAS SOCIAIS:** aquí están os materiais sobre política (32), economía (33), dereito (34), etnografía (39)...

**4**

**PRODUCCIÓN PROPIA:** neste apartado clasificamos os materiais elaborados e publicados polo Instituto e pola propia biblioteca.

**5**

**CIENCIAS:** matemáticas (51), astronomía (52), física (53)...

**6**

**CIENCIAS APLICADAS:** medicina, agricultura, enxeñería,...

**7**

**ARTES VISUAIS** (do 71 ao 77: debuxo, pintura, escultura), **MÚSICA** (78) e **DEPORTES, XOGOS E ESPECTÁCULOS** (79) (especialmente cine, coa sinatura 791) Aquí están tamén os videoxogos, as series de televisión e o teatro filmado.


**8**

**LINGUAS E LITERATURAS:** neste apartado temos unha organización por xéneros e idiomas, que podes consultar no folleto “Como clasificamos os libros”.

**9**




**XEOGRAFÍA E HISTORIA,** con algunhas subdivisións importantes: viaxes (91), biografías (92)... Os materiais de historia comezan por 93 e se organizan pos períodos históricos.

Nos andeis os libros as películas e os demais materiais, están colocados **POR ORDE ALFABÉTICA**.



Nos estantes máis baixos, por comodidade, están sinalizados con esta etiqueta os materiais que usamos máis a miúdo.

Moitos fondos teñen outras etiquetas: por xéneros, por temática, por campaña... Todos están no folleto "Como clasificamos os libros", ao que podes acceder desde a páxina da biblioteca ou consultar na sala. Aquí tes algúns exemplos:



**Pois, xa estás preparado!**  
**E recorda**  
**ESTÁS NUNHA BIBLIOTECA!**  
**SEGUE SEMPRE AS NORMAS DE USO**  
**RESPECTA OS DEREITOS DOS TEUS COMPAÑEIROS**